

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG111252	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-11-17 09:09

8

Número 8 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do P-39 Casas do Rego.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

8 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA, MOBILIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO P-39 CASAS DO REGO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta da xefa do sección de Xestión Urbanística, de data 15 de novembro de 2017, ao cal presta a súa conformidade o concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, coa mesma data.

No devandito informe-proposta indícase o seguinte:

"O proxecto de referencia, promovido pola Xunta de Compensación do polígono 39 do PXOM (Casas do Rego), ten por obxecto definir as infraestruturas e servizos precisos para a completa urbanización do polígono, delimitado polo Plan xeral na beira oeste da Estrada ao Pedroso (CP-7803)

No expediente constan informes técnicos asinados polo arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento e polo arquitecto municipal de Proxectos e Obras.

O proxecto orixinal, presentado con data 20 de outubro de 2016, foi obxecto de emenda a través dun documento adicional presentado o 9 de xuño de 2017, co fin de dar cumprimento ao requirimento de emenda de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG111252	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-11-17 09:09

deficiencias realizado pola administración municipal en abril de 2017.

De conformidade co esixido polo artigo 226 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, solicitáronse os informes das empresas subministradoras e distribuidoras de servizos (VIAQUA, FENOSA, GAS GALICIA, TELEFÓNICA, R e FERROVIAL), dos que só consta a obtención dos solicitados a FENOSA, TELEFÓNICA, R e VIAQUA, podéndose continuar o procedemento ao ter xa rematado o prazo regulamentariamente establecido (un mes) para a emisión dos solicitados ás outras empresas (GAS GALICIA E FERROVIAL).

Constatamén informe do Departamento Municipal de Parques e Xardíns, que propón dotar de rego radicular ao arboredo en alcouve.

En consecuencia, e de conformidade cos informes técnicos emitidos os días 13 e 20 de setembro de 2017, **proponse á Xunta de Goberno da Cidade adoptar o seguinte ACORDO:**

1. Aprobar inicialmente o Proxecto de urbanización do polígono 39 do PXOM, presentado pola Xunta de Compensación do citado polígono con data 20 de outubro de 2016, coas modificacións que resultan da documentación adicional presentada o 9 de xuño de 2017.
2. En aplicación do procedemento regulado polo artigo 226.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, someter o expediente a **información pública** durante o prazo de UN MES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios afectados.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do organismo autónomo Augas de Galicia, e da Deputación Provincial da Coruña (sobre afección á estrada CP.7803).

Así mesmo, remitirase o proxecto á Comisión de Accesibilidade para a validación das solucións alternativas de accesibilidade (artigo 5.2 da Lei de accesibilidade de Galicia).

3. Como condición para a aprobación definitiva, e sen prexuízo das modificacións que, de ser o caso, sexa preciso incorporar a resultados do trámite de participación pública e dos informes que

Documento	Expediente	Fecha
CMG111252		20-11-17 09:09

se emitan, a Xunta de Compensación haberá de cumprimentar o seguinte:

- Incorporar o requirido polo Departamento Municipal de Parques e Xardíns sobre dotación de rego radicular no arboredo en alcouve.
- Emendar as cuestións relativas ao alumeado público que se recolleu no informe técnico de data 10 de novembro, así como as do informe de VIAQUA de agosto de 2017.
- Xustificar o que proceda en relación co informe emitido por Telefónica.
- Achegar un documento refundido que integre todas as modificacións que resulte preciso incorporar, ademais das xa recollidas no documento adicional presentado en xuño de 2017."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

1.- Aprobar inicialmente o Proxecto de urbanización do polígono 39 do PXOM, presentado pola Xunta de Compensación do citado polígono con data 20 de outubro de 2016, coas modificacións que resultan da documentación adicional presentada o 9 de xuño de 2017.

2.- En aplicación do procedemento regulado polo artigo 226.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, someter o expediente a **información pública** durante o prazo de UN MES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios afectados.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do organismo autónomo Augas de Galicia, e da Deputación Provincial da Coruña (sobre afección á estrada CP.7803).

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11I252	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-11-17 09:09

Así mesmo, remitirase o proxecto á Comisión de Accesibilidade para a validación das solucións alternativas de accesibilidade (artigo 5.2 da Lei de accesibilidade de Galicia).

3.- Como condición para a aprobación definitiva, e sen prexuízo das modificacións que, de ser o caso, sexa preciso incorporar a resultados do trámite de participación pública e dos informes que se emitan, a Xunta de Compensación haberá de cumprimentar o seguinte:

- Incorporar o requirido polo Departamento Municipal de Parques e Xardíns sobre dotación de rego radicular no arboredo en alcouve.
- Emendar as cuestións relativas ao alumeadado público que se recolleu no informe técnico de data 10 de novembro, así como as do informe de VIAQUA de agosto de 2017.
- Xustificar o que proceda en relación co informe emitido por Telefónica.

Achegar un documento refundido que integre todas as modificacións que resulte preciso incorporar, ademais das xa recollidas no documento adicional presentado en xuño de 2017.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~

